



PLAN DE TRABALO EN CIENCIAS DA NATUREZA. 5º DE E. PRIMARIA

PROFESORADO: Alba Bouso, Laura Santos, Javier Suárez.

MATERIAIS

- Arquivador (caderno do alumnado).
- Recursos informáticos, especialmente EVA-Edixgal, Google Educativo.

PLAN DE TRABALO

- Traballaremos por tarefas integradas (TF), que son conxuntos de actividades contextualizadas que afectan a distintas competencias, é dicir, que poden aparecer contidos doutras áreas no horario de ciencias.
- As tarefas serán o núcleo do traballo desta área. De tal maneira que o alumnado deberá realizar investigacións guiadas sobre os contidos da materia e presentar traballos: exposicións, presentacións multimedia, murais...
- Xunto coas tarefas, haberá actividades cos contidos da aula. Procurarase, en todo momento que as tarefas e os contidos da aula estean relacionados.
- Os contidos non serán, de forma habitual, estudados memorísticamente na casa. Trátase de que os alumnos lean, comprendan coa axuda de técnicas de estudo, resuman e se documenten para facer o traballo de clase.
- O traballo na casa consistirá en: completar traballos de clase, actividades de repaso, lecturas, documentación, esquemas e resúmenes.
- Buscarase en todo momento facer partícipe ao alumnado da súa propia avaliación: **coavaliación e autoavaliación.**
- As probas obxectivas tratarán de verificar as competencias adquiridas no traballo de clase. Non a memorización de contidos.

CONTIDOS POR TRIMESTRE E AVALIACIÓN

1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
Bloque 1: Cultura científica. Bloque 4: Tecnoloxía e dixitalización.			<ul style="list-style-type: none"> • Escala de observación. • Rexistro anecdótico. • Intercambios orais. • Análise da producións do alumnado. • Análise da produción dos aparellos fabricados ou no desenvolvemento de experimentos. • Probas obxectivas.
Bloque 2: A vida no noso planeta. <i>TF: A saúde.</i>	Bloque 2: A vida no noso planet Bloque 3: Materia, forzas, enerxías. <i>TF: Enxeñeiros no cole.</i>	Bloque 3: Materia, forzas, enerxías. <i>TF: Enxeñeiros no cole.</i>	